

## **CONCELLO DE NARÓN**

### **AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA**

#### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DA NORMA DENOMINADA:**

- **MODIFICACIÓN DA ACTUAL ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EXECUCIÓN DE OBRAS E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E SERVIZOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN**

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### **NORMATIVA:**

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- **MODIFICACIÓN DA ACTUAL ORDENANZA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NA EXECUCIÓN DE OBRAS E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E SERVIZOS NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN**

Coa modificación desta norma, publicada no BOP da Coruña núm. 2 do 03.01.20019, preténdese establecer unha regulación máis polo miúdo de

determinados procedementos cuxa casuísta vaise diversificando co paso do tempo, en aras de fortalecer a seguridade xurídica, así como corrixir ou puntualizar determinadas redaccións do texto normativo que poden xeran dúbidas interpretativas. Todos estes cambios están orientados a mellorar e facer máis efectivo a servizo á cidadanía de Narón.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 13 de xuño de 2022.